
A TRANSFORMACIÓN

Texto de **FRANZ KAFKA**

Tradución de **LAUREANO ARAUJO**

Imaxe de portada de **PABLO OTERO** e **MARK RITCHIE**

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 104 páx. 13 €
ISBN 978-84-16721-77-1. Narrativa K. Faktoría K.

Cando Gregor Samsa, unha mañá, espertou de soños intranquilos, atopouse na súa cama transformado nun insecto infando...

«A transformación» é un clásico da literatura publicado en 1915, unha novela breve e intensa na que Franz Kafka verque a súa visión pesimista do mundo, o absurdo da existencia, a soidade, a humillación e a incompreensión, presentes tamén noutras obras súas. Esa destreza para que os lectores -atónitos e desacougados- se poñan na pel de personaxes malditos e fundamente feridos é unha das cualidades da súa inconfundible narrativa. Así, é posible percibir o rexeitamento que sofre o viaxante de comercio Gregor Samsa por parte dos seus achegados e do mundo exterior, e sentir a impotencia e a vergoña do protagonista ante a noxenta e cómica aparencia do insecto no que se convertera mentres durmía.

Especialistas na obra de Kafka descríbeno como un ser inadaptado, con pouca autoestima e que non encaixa na sociedade; alguén que se sente inferior, fracasado, inseguro e apoucado. Velaí un posible cerne desta obra, quizais unha metáfora radical da súa vida, incapaz de sentirse á altura das expectativas alleas. Dalgún xeito, sería un visionario da evolución do capitalismo e da alienación que provoca a vida moderna. Así, á interpretación autobiográfica e existencialista súmase outra lectura en clave filosófica, co ser humano sometido á explotación e á calamidade. Neste caso, Kafka cuestionaría a orde establecida e criticaría a indefensión das persoas fronte ao sistema, o Estado ou a propia familia.

A visión política desta obra identifícase co Holocausto nazi: dúas das irmás do autor morreron en campos de concentración e Samsa tamén padece a segregación e o confinamento por parte de quen o deshumaniza. A raíz do interese de Kafka pola filosofía e a relixión xudea, tamén se ten considerado a hipótese dunha parábola entre Deus e o home, sometido a unha opresión divina contra a que o protagonista se rebela, loitando por reconciliar a súa humanidade coa súa metamorfose. En definitiva, «A transformación» é unha lectura perenne porque a súa interpretación vaise adaptando aos tempos e as emocións que transmite son universais.



- **Temática:** clásico da literatura, aberto a numerosas interpretacións.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** existencialismo, alienación, deshumanización; precursor do movemento expresionista, inspirador da obra de escritores como García Márquez, Borges ou Camus.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-transformacion-g>

Franz Kafka

(Praga, Austria-Hungría, 1883 – Kierling, Austria, 1924)

Foi o maior dos seis fillos que tiveron Julie e Hermann Kafka, unha parella de clase media que os educou nas culturas alemá, checa e xudaica. Graduouse en Dereito na Universidade Carolina de Praga en 1906, traballou en varios bufetes e no Instituto de Seguros de Accidentes no Traballo mentres que, polas noites, dedicaba horas á escritura, a súa verdadeira vocación. «A transformación» é a súa obra máis coñecida. Estivo prometido dúas veces con Felice Bauer, pero nunca chegou a casar. Contraeu a tuberculose en 1917, o que lle impediu trasladarse a Palestina e polo que tivo que pasar longas tempadas en varios sanatorios, aproveitando a convalecencia para escribir. A maior parte da súa obra estaba inédita e, antes de falecer, encargoulle ao seu mellor amigo, Max Brod, que destruíse a maleta onde gardaba os seus manuscritos. Lonxe diso, supervisou a publicación dalgúns dos seus textos, converténdose en libros dun enorme éxito. Entre eles, estaban as novelas «O proceso» e «O castelo».

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
